

Alice Walker

A cor púrpura



rinoceronte



Ao Espírito,  
sen cuxa axuda  
non se escribirían  
nin este libro  
nin eu.



*Ensíname a facelo coma ti.  
Ensíname a facelo.*

STEVIE WONDER



«É mellor que non llo contes nunca a ninguén máis que a Deus, ou a túa nai morrería do desgusto.»

Querido Deus:

Teño catorce anos. Sempre son fun boa rapaza. Se cada podes darme un sinal que me permita entender o que me está a pasar.

A primavera pasada, despois de nacer o pequeno Lucious, oínos discutir. El tiráballe do brazo. Ela di: Aínda é pronto, Fonso, non estou ben. Ao final déixaa en paz. Unha semana despois vólvelle tirar do brazo. Ela di: Non, non podo. Non ves que xa estou medio morta? E todos estes cativos.

Foi a que a vise o médico da súa irmá, a Macon. Deixoume a min a cargo dos outros. El nunca tivo unha palabra amable comigo. Só di: Vas facer o que non quere facer a túa nai. Primeiro achégame a súa cousa á cadeira e ponse a sacudila. Logo agárrame as tetas. Logo méteme a súa cousa pola pachocho. Como doe, choro. Apértame o pescozo e di: Mellor que cales a boca e te acostumes.

Pero nunca me acostumei. E agora pónome mala cada vez que me toca cociñar. A miña nai bérrame e non me quita os ollos de enriba. Está contenta porque agora el a trata ben. Pero non vai durar moito porque está moi enferma.

Querido Deus:

A miña nai morreu. Morreu berrando e maldicindo. Berrábame a min. Maldiciáame a min. Estou preñada. Cústame moverme. Cando volvo do pozo a auga xa está quente. Cando chego coa bandexa a comida xa está fría. Cando teño todos os nenos listos para ir á escola xa é hora de cear. El non di nada. Está a carón da cama sosténdolle a man e chorando, dicíndolle: Non me deixes, non te vaias.

Cando foi do primeiro, ela preguntoume: De quen é? Eu dixen: De Deus. Non coñecía ningún outro home nin sabía que outra cousa dicir. Cando empezou a doerme e a barriga empezou a movérseme e me saíu pola pachocha aquel bebé pequeniño mordendo o puño quedei de pedra.

Ninguén nos veu ver.

Ela enfermou cada vez máis.

Ao final preguntoume: Onde está?

Eu dixen: Levouno Deus.

Pero foi el quen o levou. Levouno mentres eu durmía. Matouno no bosque. Tamén matará este, se pode.



Querido Deus:

El trátame coma se xa non me aguantase. Di que son ruín e que non fago máis ca maldades. Levoume o outro bebé, que esta vez era un neno. Pero coido que non o matou. Coido que llelo vendeu a un home e á súa muller en Monticello. Teño os peitos cheos de leite, que corre por min abaixo. El di: Que pinta é esa? Pon algo. Pero que vou poñer? Non teño nada.

Oxalá atope algunha muller e case. Vexo que mira a miña irmá pequena, que ten medo. Pero dígolle: Coido eu de ti. Coa axuda de Deus.

Querido Deus:

Trouxo á casa unha rapaza de cerca de Gray. É da miña idade, pero casou con ela. Non lle sae de enriba. Ela anda dun lado para o outro, coma aparvada. Coido que pensaba que o quería. Pero aquí somos moitos. E todos necesitamos algo.

Á miña irmá pequena Nettie faille as beiras un que é case coma papá. Morreulle a muller. Matouna un querido que tiña cando volvía da igrexa para a casa. Pero el só ten tres fillos. Viu a Nettie na igrexa, e agora todos os domingos pola tarde temos aquí a Mr \_\_\_\_\_. Eu dígolle a Nettie que non deixe os libros. Non imaxinas o que é coidar uns nenos que nin sequera son teus. E mira o que lle pasou a mamá.

Querido Deus:

Hoxe pegoume porque di que lle chisquei un ollo a un rapaz na igrexa. Igual é que me entrara algo no ollo, porque non o chisquei. Nin miro para os homes. É a verdade. Para as mulleres si miro, porque non lles teño medo. Se cadra cres que sigo enfadada coa miña nai porque me maldixo. Pero non. A min dábame mágoa. O que a matou foi querer crer a historia que lle contou el.

Ás veces aínda mira a Nettie, pero eu sempre me poño diante. Agora dígolle que case con Mr \_\_\_\_\_. Pero non lle digo por que.

Dígolle: Casa con el, Nettie, e trata de gozar polo menos un ano da túa vida. Porque sei que despois quedará preñada.

Pero eu, xa nunca máis. Unha rapaza díxome na igrexa que para quedar preñada tes que sangrar todos os meses. E eu xa non sangro.

Querido Deus:

Por fin Mr \_\_\_\_ veu pedir a man de Nettie. Pero el non a deixa marchar. Di que é moi nova, que non ten experiencia. Tamén di que Mr \_\_\_\_ xa ten demasiados fillos. Ademais, e o escándalo de cando mataron a súa muller? E todo o que oíu falar de Shug Avery? Que pasa con iso?

Pregúntolle á nosa nai nova por Shug Avery. Quen é?, pregunto. Non sabe, pero di que se vai informar.

Fai máis ca iso. Consegue unha foto. A primeira que vexo dunha persoa de carne e óso. Di que Mr \_\_\_\_ estaba sacando algo da carteira para ensinarllo a papá e que a foto caeu e foi parar debaixo da mesa. Shug Avery é unha muller. A muller máis guapa que vin nunca. Máis guapa ca a miña nai. Dez mil veces máis guapa ca min. Sae cunhas peles. Con colorete na cara. O pelo coma se fose unha cola. Sorrí co pé apoiado no automóbil de alguén. Pero ten os ollos serios. Un chisco tristes.

Pídolle que me dea a foto. Paso toda a noite mirándoa. E agora, cando soño, soño con Shug Avery, cun vestido impresionante, bailando e rindo.

Querido Deus:

Dígolle que me colla a min en vez de a Nettie mentres a nosa nai nova está enferma. Pero el pregunta de que lle falo. Dígolle que me podo arranxar para el. Métome no meu cuarto e saio con crinolina, plumas e uns zapatos de tacón alto da nosa nai nova. Pégame por vestir coma unha fresca, pero faimo de todos os xeitos.

Esa noite veu Mr \_\_\_\_\_. Eu estou na cama chorando. Por fin Nettie abriu os ollos e viu as cousas como son. A nosa nai nova tamén o viu. Está no seu cuarto chorando. Nettie vai onda unha, despois onda outra. Ten tanto medo que sae e vomita. Pero non á parte dianteira, onde están os dous homes.

Mr \_\_\_\_\_ di: Espero que o pensase mellor, señor.

El di: Non, nada diso.

Mr \_\_\_\_\_ di: Verá, é que os meus pobres cativos necesitan unha nai.

Porén, di el, moi devagar, non podos deixar que leves a Nettie. É moi nova. Non sabe nada da vida. Ademais, quero que estude algo máis. Que sexa mestra. Pero podos levar a Celie. No fin de contas é a máis vella, e debería ser a primeira en casar. Non está do trinque, pero supoño que xa o sabes. Derramouse. Dúas veces. Pero non necesitas unha muller do trinque. Trouxen eu unha do trinque e sempre está enferma. El cospe por riba da varanda. Os nenos póñena dos nervios, como cocinadeira non vale nada. E xa está preñada.

Mr \_\_\_\_\_ non di nada. Eu deixo de chorar coa sorpresa.

É fea, di el. Pero non lle escapa ao traballo. E é limpa. E Deus arranxouna. Pódelle facer o que queira, que non terá que alimentar nin que vestir ningún neno.

Mr \_\_\_ segue sen dicir ren. Saco a foto de Shug Avery. Míroa aos ollos. Os seus ollos din: Si, ás veces as cousas suceden así.

O caso é, di el, que teño que sacala de aquí. Xa non ten idade para vivir na casa. E é unha mala influencia para as outras rapazas. Levaría o seu enxoval. E a vaca que criou na corte. Pero de ningún xeito podes levar a Nettie. Nin agora nin nunca.

Mr \_\_\_ fala por fin. Aclara a gorxa. A verdade é que nunca me fixei nesoutra, di.

Pois a próxima vez que veñas podes fixarte nela. É fea. Nin sequera parece irmá de Nettie. Pero ha de dar unha esposa mellor. Tampouco é lista, e confeso que terás que vixiala ou regalará todo o que teñas. Pero é capaz de traballar coma un home.

Mr \_\_\_ di: Cantos anos ten?

El di: Ten case vinte. E outra cousa, é mentireira.

Querido Deus:

Levoulle toda a primavera, de marzo a xuño, decidir se me collía. Eu só pensaba en Nettie. En que, se eu casaba, ela podería vivir connosco, e se el seguía tan namorado dela podería buscar un xeito de escaparmos. As dúas estudabamos arreo nos libros de Nettie, porque sabiamos que se queriamos marchar tiñamos que aprender moito. Xa sei que non son tan guapa nin tan lista coma Nettie, pero ela di que non son parva.

Di Nettie que para lembrar quen descubriu América só hai que pensar nun cogombro, porque Colón parécese a un cogombro. Eu xa aprendera todo o de Colón en primeiro, pero seica tamén foi o primeiro que esquecín. Nettie di que Colón chegou nuns barcos que se chamaban a Nita, a Pita e a Santomarita. Os indios eran tan mansos que levou un feixe deles consigo para que servisen a raíña.

Pero é difícil pensar, tendo a voda con Mr \_\_\_ dándome voltas na cabeza.

A primeira vez que quedei preñada papá sacoume da escola. Dáballe igual que a min me encantase ir. Nettie estaba comigo na porta, agarrándome a man con forza. Eu ía toda arraxada para o primeiro día de clase. Non paga a pena que sigas indo á escola, que es moi burra, dixo papá. A lista da familia é Nettie.

Pero papá, di Nettie, chorando, Celie tamén é lista. Ata o di a señorita Beasley. Nettie adora a señorita Beasley. Di que non hai ninguén coma ela en todo o mundo.

Papá di: Quen fai caso do que diga Addie Beasley? Non hai home que a queira, porque sempre bota a lingua a

pacer. Por iso ten que ser mestra de escola. Dío sen levantar a vista da escopeta que está a limpar. De alí a un pouco chega un grupo de homes brancos cruzando o patio. Tamén teñen escopetas.

Papá levántase e vai con eles. O resto da semana pásao vomitando e cociñando caza.

Pero Nettie non se rende. Un día vén á casa a señorita Beasley para falar con papá. Di que en todo o tempo que leva de mestra nunca viu a ninguén con tanta gana de aprender coma Nettie e eu. Pero cando papá me chama e ela ve o apertado que me queda o vestido, cala e vaise.

Nettie non o entende. Eu tampouco. O único que sabemos é que sempre estou mareada e que engordei.

Ás veces dóeme que Nettie aprende máis ca min. Pero é que non me queda na cabeza nada do que me di. Ela intenta convencerme de que a terra non é plana. Eu dígolle: Si, xa o sei. Pero non lle digo o plana que a vexo eu.

Un día veu por fin Mr \_\_\_\_, con aspecto esgotado. A muller que lle axudaba marchou. A súa nai dixo: Acabouse.

Di: Déixeme vela outra vez.

Papá chámame. Celie, di. Coma se nada. Mr \_\_\_\_ que-re botarche outra ollada.

Saio á porta. O sol dáme nos ollos. El segue montado no cabalo. Mírame de arriba abaixo.

Papá axita o xornal. Achégate, que non che morde, di.

Achégome á escaleira, pero non moito, porque me dá algo de medo o cabalo.

Dá a volta, di papá.

Dou a volta. Vén un dos meus irmáns pequenos. Coi-do que é Lucious, que é gordo e rebuldeiro, sempre rillando algo.

Di: Para que fas iso?

Papá di: A túa irmá está pensando en casar.



Para el iso non ten ningún significado. Tírame da saia e pregunta se pode coller marmelada de amora da lacena.

Digo: Si.

É boa cos nenos, di papá, axitando o xornal para abrillo máis. Nunca a oín dicirle unha mala palabra a ningún. O único malo é que lles dá todo o que piden.

Mr \_\_\_ di: O da vaca segue en pé?

El di: A vaca é dela.

Querido Deus:

Pasei todo o día da voda escapando do fillo máis vello. Ten doce anos. A súa nai morreu nos seus brazos e non quere nin oír falar dunha nova. Tiroume unha pedra e abriume a cabeza. Corríame o sangue entre os peitos. O seu pai di: Iso non se fai! Pero nada máis. Ten catro fillos, non tres, dous rapaces e dúas rapazas. Ás rapazas non as peitearon dende que lles morreu a nai. Dígolle que as teirei que rapar. Empezar de cero. El di que trae mala sorte cortarlles o pelo ás mulleres. Así que atei un pano á cabeza o mellor que puideron e despois de facer a comida –teñen fonte, no canto de pozo, e un fogón que parece un camión– me puxen a desenredar pelos. Só teñen seis e oito anos, e choran. Berran. Chámanme asasina. Ás dez remato. Choran ata quedaren durmidas. Pero eu non choro. Na cama, con el enriba de min, penso en Nettie, preguntome se estará a salvo. E logo penso en Shug Avery. Sei que o que el me está facendo a min llo fixo a Shug Avery, e que quizais a ela lle gusta. Rodéoo cun brazo.